



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
<b>Asignatura (*)</b>	Psicología comunitaria	<b>Código</b>	652G03034		
<b>Titulación</b>	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6	
<b>Idioma</b>	Castelán				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Psicología				
<b>Coordinación</b>	Espinosa Breen, Pablo	<b>Correo electrónico</b>	pablo.espinosa.breen@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Espinosa Breen, Pablo	<b>Correo electrónico</b>	pablo.espinosa.breen@udc.es		
<b>Web</b>	www.udc.es/dep/psico				
<b>Descrición xeral</b>	<p>A Psicología Comunitaria é un campo de actuación e investigación relacionada coa psicología social que se ocupa do comportamento humano nos seus contextos sociais inmediatos, comunitarios. Como forma de intervención, ocúpase da prevención dos problemas psicolóxicos con raíces sociais (drogas, exclusión, desintegración social, violencia doméstica e pública, trastorno mental, fracaso escolar, delincuencia xuvenil, etc.). Desde unha perspectiva positiva tamén se ocupa de promover o desenvolvemento humano integral.</p> <p>Todo elo desde a participación dos receptores das intervencións comunitarias como suxeitos activos (axentes) na intervención.</p> <p>O seu objetivo principal é estudar os factores psicosociais que permiten desenvolver, fomentar e manter o control e o poder que os individuos poden exercer sobre o seu ambiente individual e social, para solucionar problemas que os afectan e lograr cambios en eses ambientes e na estrutura social.</p>				



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Ningunha</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>* Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas salvo polo indicado a continuación.</p> <p>* Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>No caso de que non se poidan celebrar sesións presenciais:</p> <p>As clases celebraránse no mesmo horario asignado ás sesións presenciais a través da aplicación Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>No caso de que non se poidan celebrar tutorías presenciais:</p> <p>Manterase o mesmo horario de tutorías. Os alumnos deberán solicitar ao profesor tutorías a través de correo electrónico con polo menos 48 horas de antelación. O profesor contestará o correo indicando o horario dispoñible para as tutorías en función doutras peticións existentes. Á hora indicada o alumno deberá estar conectado a Teams e recibirá unha videollamada para celebrar a tutoría. Cabe a posibilidade de celebrar tutorías de grupo con este sistema.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>No caso de que non se poidan celebrar sesións presenciais:</p> <p>Os traballos solicitados presentaranse a través de Moodle e as presentacións dos traballos na aula faranse a través da aplicación Teams.</p> <p>Se o alumno require exame, no caso de que non se poida celebrar exame presencial:</p> <p>Colgaranse no Moodle da materia catro supostos ou experimentos de Psicoloxía Comunitaria, e entre 3 e 4 preguntas para cada un deles. As preguntas estarán relacionadas, entre outros aspectos, con identificar os procesos psicosociais que reflicten estes supostos, indicar as implicacións destes procesos, indicar outros procesos relacionados ou propoñer exemplos prácticos. Deberanse elixir e desenvolver dous dos devanditos supostos.</p> <p>Para responder o alumno deberá crear un documento de texto; escribir o seu nome e apelidos e ?exame psicoloxía comunitaria? no encabezado; indicar o número de cada suposto escollido, e copiar as preguntas que veñen ao final do texto. A continuación de cada pregunta redactará a resposta correspondente. Recoméndase que a extensión total das respostas a cada suposto estea entre 1000 e 1500 palabras. Extensións superiores ou inferiores serán avaliadas negativamente. É necesario contestar a todas as preguntas dos supostos escollidos. Revisarase a existencia de posibles coincidencias nas respostas aos exames que sexan indicativas de plaxio. Unha vez contestadas as preguntas, o exame deberase enviar nun documento de word ou .pdf a través da tarefa de moodle habilitada antes da data e hora do exame. O nome do arquivo deberá ter este formato: ?apelidos_nome_exame_ps_comunitaria. doc? (ou .docx ou .pdf).</p> <p>As preguntas colgaranse no Moodle unha semana antes da data do exame e as respostas do alumno entregaranse nunha tarefa vía Moodle como tarde á hora e día do exame.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.



B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Dotar de coñecementos especificamente en Psicoloxía Social Aplicada aos Problemas Sociais, Comunitarios e Humanos.	A1 A5 A6 A8 A9 A17 A18	B1 B3 B4 B6
Avaliar programas, proxectos, servizos e políticas dirixidos ao desenvolvemento persoal, profesional e institucional.	A9	B1 B2	C8
Organizar e apoiar programas de axuda a persoas ou colectivos excluídos ou en risco de exclusión.	A5 A6 A8 A18	B2	C8
Coñecer e comprender os supostos básicos da Psicoloxía Social	A1 A5		C8
Distinguir a forma de concibir a realidade e a metodoloxía da Psicoloxía Social	A5	B1 B2	C6
Diagnosticar as diferentes dimensións, áreas e ámbitos de intervención psicopedagóxica.	A5 A6	B1	C6
Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación aplicados aos diferentes campos e aspectos da intervención educativa.	A9	B1 B2	C8
Desenvolver estratexias de busca e material de avaliación psicosocial		B1 B3	
Capacidade de análise e síntese.	A5 A8	B1	C4
Planificar accións, programas e servizos de intervención para a mellora das persoas, dos grupos e das organizacións.	A9 A18	B1 B2 B6	C6 C8
Adquirir a capacidade creativa e criterios prácticos que permitan aplicar principios de intervención para solucionar problemas concretos, incorporando os coñecementos teóricos e os criterios éticos da disciplina	A6 A9 A18	B1 B4	
Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas.		B1 B3	C8



Capacidade de adaptación a situacións novas.	A18		C4 C6 C8
Capacidade de resolución de problemas.	A5 A18	B1	C6
Capacidade de aplicar coñecementos na práctica.	A6 A9	B4	C4
Diagnosticar as diferentes dimensións, áreas e ámbitos de intervención psicopedagóxica.	A5 A8	B1	C6
Capacidade de organización e planificación.		B1 B2	C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.	A1 A6		C4 C6 C8
Sensibilización cara os problemas sociais e comunitarios desde a Psicoloxía Social	A8		C6 C8
Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación aplicados aos diferentes campos e aspectos da intervención educativa.	A1 A9 A17 A18	B4	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
I. INTRODUCCION	1 Evolución histórica da Psicoloxía Comunitaria 2 Definicións actuais da Psicoloxía Comunitaria 3 Diferenzas con outros campos 4 O modelo ecolóxico 5 O modelo de acción social 6 Estratexia metodolóxica en Psicoloxía Comunitaria 7 Avaliación das necesidades
II- REDES SOCIAIS E APOIO SOCIAL	1 As redes sociais, perspectiva histórica 2 As estruturas sociais 3 Sociedades orgánicas e mecánicas 4 Definición de rede social 5 Características das redes sociais 6 O apoio social
III - EMPOWERMENT	1 Definición de empowerment 2 Niveis de atribución de poder 3 Características das contornas que proporcionan empowerment 4 Estudo da atribución de poder nas organizacións 5 A investigación sobre o empowerment



IV - PROBLEMAS DE SOCIALIZACIÓN EN NENOS E ADOLESCENTES	<ol style="list-style-type: none"><li>1 Fontes de socialización</li><li>2 Factores de risco</li><li>3 Exclusión social</li><li>4 Malos tratos a menores</li><li>5 Violencia escolar</li><li>6 O menor maltratador</li><li>6.1 Demografía dos malos tratos aos pais</li><li>7 Delincuencia xuvenil e modelos de resposta</li><li>8 Mozos Psicopáticos</li><li>9 Estilos educativos paternos</li><li>10 Violencia e Medios de Comunicación</li></ol>
V - VIOLENCIA DOMÉSTICA	<ol style="list-style-type: none"><li>1 A violencia doméstica e o acoso</li><li>2 Datos estatísticos</li><li>3 Predición da violencia doméstica</li><li>4 O ciclo da violencia doméstica</li><li>5 Tratamento de agresores</li></ol>
VI- DELINCUENCIA SEXUAL	<ol style="list-style-type: none"><li>1 Concepto</li><li>2 Perfil do delicuyente</li><li>3 Consecuencias</li><li>4 Tratamento</li></ol>
VII - CONDUCTAS DE ADICCIÓN	<ol style="list-style-type: none"><li>1 Definición</li><li>2 Adicción a substancias</li><li>3 Outras adiccións</li><li>4 Factores de risco</li><li>5 Variables psicolóxicas relacionadas coa adicción</li><li>6 Intervención comunitaria con adictos</li><li>7 Tratamento e prevención das recaídas</li><li>8 Adicción e enfermidade mental</li></ol>
VIII - ENFERMIDADE MENTAL	<ol style="list-style-type: none"><li>1 A enfermidade mental dentro da comunidade</li><li>2 Intervención sobre trastornos mentais no seo da comunidade</li><li>3 Factores predisponentes</li><li>4 Enfermidade mental e apoio social</li><li>5 Factores protectores para a enfermidade mental</li></ol>
X - OS MOVIMENTOS SOCIAIS	<ol style="list-style-type: none"><li>1 Movemento social e comunidade</li><li>2 Organización social</li><li>3 Empowerment e movementos sociais</li><li>4 Os novos movementos sociais</li><li>5 Tipos de acción social</li><li>6 Exemplos de movementos sociais</li></ol>
IX - MARXINACIÓN, EXCLUSIÓN SOCIAL E DELINCUENCIA	<ol style="list-style-type: none"><li>1 A exclusión social na sociedade actual</li><li>2 Novas formas de exclusión social</li><li>3 A pobreza na sociedade occidental</li><li>4 O illamento social</li><li>5 Factores económicos</li><li>6 Tipos de delincuencia</li><li>7 Intervención sobre a delincuencia na comunidade</li></ol>



## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A5 A6 A8 A9 A17 A18 B1 B2 B3 B4 B6 C4 C6 C8	4	48	52
Presentación oral	B1 B6	8	16	24
Simulación	A5 A17 B3 B6 C4	8	0	8
Proba de resposta breve	A1	1	41	42
Sesión maxistral	A1 A5	21	0	21
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>O 20% da avaliación da materia farase a través dun traballo tutelado que consta de dous partes.</p> <p>A primeira versará sobre o estudo sobre un problema social desde o punto de vista da psicoloxía comunitaria (valorarase que sexa local).</p> <p>A segunda consistirá no desenvolvemento hipotético dun plan de intervención comunitaria.</p> <p>Este formato pode substituírse por un traballo en grupo que consiste na participación nunha investigación, con recollida, análise, e redacción dun informe sobre os datos.</p>
Presentación oral	<p>Ademais do informe por escrito, os traballos tutelados deberanse expoñer en clase de forma oral, podéndose utilizar os apoios técnicos dispoñibles.</p> <p>Esta exposición supoñerá o 20% da nota da materia.</p>
Simulación	Prácticas durante as sesións interactivas sobre os procedementos propios da disciplina. Utilizando os contidos expostos nas sesións maxistras, os alumnos elaborarán propostas sobre os casos expostos polo profesor.
Proba de resposta breve	No caso de que o alumno requira exame, o exame constará de catro supostos ou experimentos de Psicoloxía Comunitaria, e entre 3 e 4 preguntas para cada un deles. As preguntas estarán relacionadas, entre outros aspectos, con identificar os procesos psicosociais que reflicten estes supostos, indicar as implicacións destes procesos, indicar outros procesos relacionados ou propoñer exemplos prácticos. Deberanse elixir e desenvolver dous dos devanditos supostos.
Sesión maxistral	Existirán clases presenciais que teñen un triplo obxectivo: por unha banda, o de sensibilizar e concienciar sobre os problemas sociais e acerca da importancia de posuír unha visión psicosocial comunitaria aplicada dos mesmos, por outro o de mostrar experiencias que se non se visionan é imposible que o alumno chegue a valorar a súa significación e importancia dentro da materia, e por último ofrecer resumos de contidos importantes dos temas que integran o programa. Comprenderán a exposición de exemplos e vivencias mediante medios audiovisuais e actividades de sensibilización e concienciación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Para o desenvolvemento do traballo tutelado e proxectos os alumnos deben acudir ás titorías especificamente creadas para tal fin e recibirá atención e guía do profesor nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Polo menos unha sesión para a elección do tema para desenvolver posteriormente e a orientación bibliográfica.</li> <li>- Polo menos unha sesión para presentar un esquema de desenvolvemento do traballo.</li> </ul> <p>Os traballos tutelados poden realizarse de maneira individual por norma xeral e os proxectos en grupo, que non poderá exceder de 4 persoas.</p>

## Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B1 B6	Ademais do informe por escrito, os traballos tutelados deberanse expoñer en clase de forma oral, podéndose utilizar os apoios técnicos dispoñibles. Esta exposición supoñerá o 20% da nota da materia.	20
Sesión maxistral	A1 A5	Existirán clases presenciais que teñen un triplo obxectivo: por unha banda, o de sensibilizar e concienciar sobre os problemas sociais e acerca da importancia de posuír unha visión psicosocial comunitaria aplicada dos mesmos, por outro o de mostrar experiencias que se non se visionan é imposible que o alumno chegue a valorar a súa significación e importancia dentro da materia, e por último ofrecer resumos de contidos importantes dos temas que integran o programa. Comprenderán a exposición de exemplos e vivencias mediante medios audiovisuais e actividades de sensibilización e concienciación.	5
Proba de resposta breve	A1	Se o alumno supera o resto das partes da materia, non será necesario que se presente ao exame. Neste caso, o 100% a avaliación da materia ser fará a través das outras metodoloxías, que aumentarán a súa ponderación na avaliación proporcionalmente.  O exame constará de catro supostos ou experimentos de Psicoloxía Social, e entre 3 e 4 preguntas para cada un deles. As preguntas estarán relacionadas, entre outros aspectos, con identificar os procesos psicosociais que reflicten estes supostos, indicar as implicacións destes procesos, indicar outros procesos relacionados ou propoñer exemplos prácticos. Deberanse elixir e desenvolver dous dos devanditos supostos.	50
Simulación	A5 A17 B3 B6 C4	Prácticas durante as sesións interactivas sobre os procedementos propios da disciplina. Utilizando os contidos expostos nas sesións maxistras, os alumnos elaborarán propostas sobre os casos expostos polo profesor.	5
Traballos tutelados	A1 A5 A6 A8 A9 A17 A18 B1 B2 B3 B4 B6 C4 C6 C8	O 20% dá avaliación da materia farase a través dun traballo tutelado que consta de dous partes. A primeira versará sobre o estudo sobre un problema social desde o punto de vista da psicoloxía comunitaria (valorarase que sexa local). A segunda consistirá no desenvolvemento hipotético dun plan de intervención comunitaria. Este formato pode substituírse por un traballo en grupo que consiste na participación nunha investigación, con recollida, análise, e redacción dun informe sobre os datos.	20
Outros			

## Observacións avaliación

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- MUSITU, G, (2004). Introducción a la Psicología Comunitaria. Barcelona: UOC</li><li>- SANCHEZ, A. (1996). Psicología Comunitaria. Barcelona: Ediciones de la Universidad de Barcelona</li><li>- MUSITU, G. et al (1994). Intervención Comunitaria. Valencia : Set i Set Edic</li><li>- MUSITU, G. ; BERJANO, E. ; GRACIA, E. &amp; BUENO, J.R. (1993). Intervención Psicosocial. Programas y Experiencias. Madrid : Editorial Popular</li><li>- JAVALOY, F. (2001). Comportamiento Colectivo y Movimientos Sociales. Madrid: McGraw Hill</li><li>- COSTA, M. &amp; LÓPEZ, E. (1991). Manual para el Educador Social. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales</li><li>- SANCHEZ VIDAL, A. (2007). Manual de Psicología Comunitaria: un enfoque integrado. Madrid: Pirámide</li><li>- FERNANDEZ SEDANO, I., MORALES, J.F., MOLERO, F. (2011). Psicología de la intervención comunitaria . Bilbao: Descleé de Brouwer</li><li>- CLEMENTE, M. (1996). Psicología Social Aplicada. Madrid: Pirámide</li><li>- MAYA JARIEGO, I., GARCÍA RAMÍREZ M. SANTOLAYA SORIANO, F.J. (2007). Estrategias de intervención psicosocial : casos prácticos. Madrid: Pirámide</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías